

Margarida - Eivís de Arriba A Cruña 6 de xuni. (San Xoan) do 1953.

11 postales.

Men bon amigo Cesar

A sen debido venngo recibin a tua letra do 5 maio, as cartas
linas postais e o plano de Paris, dese grande Paris cerebro do mundo.

Esas si qu' é unha cidade, unha urbe, un emporio onde inda que a vida sexa
dura debe dar xenio se atoyar n-ela; por hai de todo, e de todo en grande, e pode un, si
quer, vivir isolado e se sentir soñeiro no medio dunha grande multitude, o mesmo que
un pino piñeiro no cumo dun monte, chao en redor, de herbablos e quercos, uces e arbore
dos variados, e se que ninguén nen cousa algunha lle faga xerbo.

A Cruña, nosa meiga Cruña, en comparanza con Paris, é moito menos que
calquera das nosas aldeas que se quixera gober de par da Cruña; non obstante en vivo
tan ao meu xeito na aldea, que me sinto mais ditoso n-ela que na vila; isolado das xen
tes e adicado aos meus paratenzos favoritos; sen ambición algunha mais que gozar
da grandeza, me sentindo libre das imxociós e trabas dos que non fan senon focheudas
deidamente, criticar e censurar; cando non pretenden imxociarnos a súa maneira ridícula
de seren e de gemar.

Donche moitas grazias polo prezente que me fixeches do dito plano e das vistas;
servíronme para soñar, que andaba por Paris adiante, zò, sen compañía algunha, parando
onde e cando me viña en mentes a considerar os manúscos, soberbos monumentos, sen so-
frir a impertinente verbosidade e as quercos dos cicronis a menar vengas de aparados tris-
tas, postas en ainguleira cal se foran facos de avieiros.

Un destes parados días, por motive do enterramento do noso bon amigo Enrique
Suarez Ferrin - ¡cantos xa chá van dos meus camaradas da mocidade! - togame con
Molist: díxome que lle pidiches de te mandar 'O divino saínete', de Curros, e que por
mais que o procurou non den con éle. Como había dar, meu probe, se os non hai
a venda. Foi tempo que foi imprentado e ergotouse, sen que ninguén se dixese
volvelo a imprimire; e ademais deso, sufriu a persecución dos Sanchez Mosquera
e doutros polo sen zere; e moi poucos son os que salvaron da queima. Se qués o leere
congreto haberá que facere unha copia a man ou máquina. Éi díxirás.

Cando teñas boa razón pra elo, xa que ti podes o facere, non deixes de visitaba
Bretaña; repara ben nos seus costumes e creencias, e cóntame logo o que o usares,
pois coído que será de moito interés para nós.

Leandro encargame moito que cando te en escribise che des memorias
zas, e así o fago. Lembrámoste con moito agrado e simpatía, pois que o que
pides de oracions terán de ser dun senso pagan. Se te conformas, ben. O día que salvemos
a lumeira de San Xoan, lembraremonos de ti.

Reibe unha forte aperta dese Galafustvan que é o teu vello amigo que che agracin

Alexis Carré

AIR MAIL

Mr F. Xavier Alvajar López
17 Quai aux Fleurs
75004 Paris IV
FRANCE

REMEMBER
to use the
POST CODE



Carlos Durán
84 Erskine Hill
London NW11 6HG
U.K.
Tel: 01-458 2300